Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 10 DE NOVEMBRO DE 2026 | MARTES, 10 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 215

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Tesourería e Recadación

Conta xeral do exercicio 2025

ANUNCIO

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio orzamentario de 2025, comprensiva da do propio Concello e os Estados e Contas Anuais da Empresa Municipal de Augas da Coruña. S.A. (EMALCSA) e Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A.U. (EMVSA) como sociedades mercantís de capital integramente de propiedade municipal, a do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), a do Consorcio para a Promoción da Música, a da Fundación EMALCSA, e a da Fundación Luís Seoane, xunto con todos os documentos e anexos que a integran, e informada favorablemente pola Comisión de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral (que actúa neste caso como Comisión Especial de Contas) na súa reunión do día 9 de novembro de 2026, estará exposta ao público durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o citado prazo as persoas interesadas poidan presentar contra ela as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas.

O referido expediente quedará posto de manifesto durante o mencionado prazo nas dependencias da Tesourería Xeral, situadas na rúa da Franxa, nº 20, desta cidade, e tamén na web municipal.

Todo iso de conformidade co disposto no artigo 212.3) do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (B.O.E. do 9/03/2004), polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Coruña, 9 de novembro de 2026

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/7331

Número de anuncio 2026/7331